CA2.3 - Describiuse a composición, as propiedades e características dos sistemas dispersos heteroxéneos e a súa aplicación en cosmética

CA2.4 - Clasificáronse os tensoactivos e analizouse a súa función

CA2.5 - Interpretáronse as diferenzas entre suspensións, xeles e emulsións

CA2.6 - Identificouse a natureza fisicoquímica de diversos cosméticos

CA2.8 - Realizáronse as operacións empregadas na fabricación de cosméticos cos materiais específicos para esas técnicas

CA2.9 - Recoñecéronse e cubríronse os apartados da ficha de elaboración dun cosmético (compoñentes, concentración, forma cosmética, materiais utilizados, modus operandi, descrición das substancias utilizadas e resultados obtidos)

CA2.12 - Elimináronse de xeito selectivo os residuos dos produtos de refugo xerados

Contidos

BC2 - Introdución ao laboratorio cosmético

C2.1 - Natureza fisicoquímica dos cosméticos: sistemas dispersos, sistemas homoxéneos (disolucións), sistemas heteroxéneos, dispersións (suspensións) xeles, emulsións e aerosois.

C2.5 - Preparación de cosméticos.

C2.6 - Xestión de residuos.

C2.7 - Tensioactivos.

Obxectivos específicos

Comprender as operacións básicas que se realizan nun laboratorio cosmético

Resultados ou produtos

Tarefas realizadas e subidas á aula virtual.
Caderno de laboratorio cuberto seguindo as especificacións da docente.
Procesos normalizados de traballo (informe de prácticas) subidos á aula virtual.

Recursos específicos

Revistas técnicas. Normativa. Libros de consulta. Apuntamentos elaborados polo profesorado. Boletíns de tarefas de repaso/ reforzo (actividades diarias na aula). Aula Virtual. Equipamento, material e utensilios necesarios para a realización das prácticas na aula-laboratorio.

UD	Título da UD	Duración
3	Clasificación dos produtos cosméticos	10

	Actividade	Descrición	Duración
1	Formas cosméticas	Identificación das formas de clasificación cosmética	4

Criterios de avaliación

RA3 - Clasifica os produtos cosméticos e relaciona os graos de penetración cosmética coa acción cosmética

CA3.2 - Identificáronse as formas de presentación dos cosméticos

CA3.3 - Describíronse as vantaxes e os inconvenientes de cada forma cosmética, así como a súa forma de utilización

Contidos

BC3 - Clasificación de cosméticos. Penetración na pel

C3.1 - Formas de clasificación cosmética

C3.2 - Formas cosméticas de presentación.

Obxectivos específicos

Especificar as distintas formas cosméticas

Resultados ou produtos

Tarefas realizadas e subidas á aula virtual.
Caderno de laboratorio cuberto seguindo as especificacións da docente.
Procesos normalizados de traballo (informe de prácticas) subidos á aula virtual.

Recursos específicos

Revistas técnicas. Normativa. Libros de consulta. Apuntamentos elaborados polo profesorado. Boletíns de tarefas de repaso/ reforzo (actividades diarias na aula). Aula Virtual. Equipamento, material e utensilios necesarios para a realización das prácticas de formulación de cosméticos.

	Actividade	Descrición	Duración
2	Clasificación dos produtos cosméticos	Explicación da clasificación dos produtos cosméticos, en función da súa acción principal e o lugar de aplicación, relacionando os graos de penetración cosmética coa acción cosmética	6

Criterios de avaliación

RA3 - Clasifica os produtos cosméticos e relaciona os graos de penetración cosmética coa acción cosmética

CA3.1 - Clasificáronse os cosméticos en función da súa acción principal e o lugar de aplicación

CA3.4 - Avaliouse a vía e o grao de penetración dos cosméticos na pel

CA3.5 - Analizáronse os factores que inflúen na penetración dos cosméticos na pel e na súa forma de actuar

CA3.6 - Determináronse os parámetros que definen a eficacia dos cosméticos, influíndo na súa calidade

Contidos

BC3 - Clasificación de cosméticos. Penetración na pel

C3.3 - Vías e graos de penetración dos cosméticos na pel.

C3.4 - Factores que inflúen na penetración dos cosméticos.

C3.5 - Vectores cosméticos.

C3.6 - A calidade na cosmética.

Obxectivos específicos

Identificar os distintos tipos de cosméticos en función da súa acción principal e o lugar de aplicación

Relacionar os graos de penetración cosmética coa acción cosmética

Resultados ou produtos

Tarefas realizadas e subidas á aula virtual.
Caderno de laboratorio cuberto seguindo as especificacións da docente.
Procesos normalizados de traballo (informe de prácticas) subidos á aula virtual.

Recursos específicos

Revistas técnicas. Normativa. Libros de consulta. Apuntamentos elaborados polo profesorado. Boletíns de tarefas de repaso/ reforzo (actividades diarias na aula). Aula Virtual. Equipamento, material e utensilios necesarios para a realización das prácticas de formulación de cosméticos.

UD	Título da UD	Duración
4	Cosméticos de hixiene facial e corporal	20

	Actividade	Descrición	Duración
1	Cosméticos de hixiene facial e corporal	Descrición da composición dos cosméticos de hixiene facial e corporal, características, composición e mecanismos de acción.	8

Criterios de avaliación

RA4 - Selecciona os cosméticos de hixiene axeitados para cada tipoloxía cutánea, para o que identifica a súa composición, as súas características e a súa forma de actuar

CA4.1 - Defiríronse os conceptos de limpeza e hixiene, e identificáronse os compoñentes que forman parte da sucidade que se acumula na superficie da pel nas súas diferentes zonas e nos anexos cutáneos

CA4.2 - Diferenciáronse os mecanismos de acción das substancias limpadoras

CA4.3 - Describíronse as características que deban cumprir os cosméticos empregados na limpeza da pel

CA4.4 - Analizouse a composición, así como as vantaxes e os inconvenientes dos produtos limpadores faciais e corporais

CA4.5 - Relacionouse o xeito de actuar dun tónico facial cos ingredientes que o compoñen

CA4.6 - Clasificáronse os cosméticos exfoliantes e diferenciouse o seu mecanismo de acción

CA4.7 - Clasificáronse as máscaras en función dos seus principios activos e da súa forma cosmética

CA4.8 - Identificáronse os principios activos dos desodorizantes e dos antitranspirantes segundo o seu mecanismo de acción

CA4.10 - Diferenciouse a exfoliación estética da exfoliación médica

Contidos

BC4 - Descrición dos cosméticos de hixiene facial e corporal

C4.1 - Concepto de limpeza e hixiene.

C4.2 - Substancias limpadoras: mecanismo de acción.

C4.3 - Cosméticos limpadores faciais e corporais: composición, mecanismo de acción e formas cosméticas.

C4.4 - Cosméticos tonificantes: mecanismo de acción; clasificación.

C4.5 - Cosméticos dous en un de limpeza: soportes impregnados de limpeza.

C4.6 - Cosméticos exfoliantes: mecanismos de acción, tipos, composición e formas cosméticas.

C4.7 - Cosméticos complementarios. Máscaras: tipos, composición, criterios de selección.

C4.8 - Cosméticos complementarios para o baño: sales, perlas, barras, aceites, espumas, etc.

C4.9 - Cosméticos complementarios da hixiene corporal: desodorizantes e antitranspirantes.

Obxectivos específicos

Identificar os elementos presentes nos cosméticos de hixiene facial e corporal.

Describir as características e mecanismos de acción dos cosméticos de hixiene facial e corporal.

Resultados ou produtos

Tarefas realizadas e subidas á aula virtual

Recursos específicos

Revistas técnicas. Normativa. Libros de consulta. Apuntamentos elaborados polo profesorado. Boletíns de tarefas de repaso/ reforzo (actividades diarias na aula). Aula Virtual.

	Actividade	Descrición	Duración
2	Preparación de fórmulas de cosméticos de hixiene no laboratorio	Preparación no laboratorio de fórmulas sinxelas de cosméticos de hixiene	12

Criterios de avaliación

RA4 - Selecciona os cosméticos de hixiene axeitados para cada tipoloxía cutánea, para o que identifica a súa composición, as súas características e a súa forma de actuar

CA4.9 - Analizáronse e prepáraronse no laboratorio fórmulas sinxelas de cosméticos de hixiene

Contidos

BC4 - Descrición dos cosméticos de hixiene facial e corporal

C4.10 - Análise e preparación no laboratorio de fórmulas sinxelas de cosméticos de hixiene facial e corporal

Obxectivos específicos

Preparar fórmulas de cosméticos de hixiene na aula-laboratorio

Resultados ou produtos

Caderno de laboratorio cuberto seguindo as especificacións da docente.
Procesos normalizados de traballo (informe de prácticas) subidos á aula virtual.

Recursos específicos

Revistas técnicas. Normativa. Libros de consulta. Apuntamentos elaborados polo profesorado. Boletíns de tarefas de repaso/ reforzo (actividades diarias na aula). Aula Virtual. Equipamento, material e utensilios necesarios para a realización das prácticas de formulación de cosméticos.

UD	Título da UD	Duración
5	Cosméticos de hidratación, mantemento e protección da pel	20

	Actividade	Descrición	Duración
1	Cosméticos de hidratación, mantemento e protección da pel	Descrición dos cosméticos de hidratación, mantemento e protección da pel. Características e composición.	8

Criterios de avaliación

RA5 - Selecciona os cosméticos de hidratación, mantemento e protección da pel axeitados par cada tipoloxía cutánea, tendo en conta a relación entre os seus principios activos e o seu mecanismo de acción

CA5.1 - Distinguíronse as substancias naturais que interveñen na hidratación cutánea

CA5.2 - Clasificáronse os principios activos hidratantes segundo o seu mecanismo de acción

CA5.3 - Seleccionouse a composición dos cosméticos hidratantes en función do tipo de pel onde se vaian empregar

CA5.4 - Establecéronse as diferenzas entre unha emulsión e un aceite para hidratación corporal

CA5.5 - Clasificáronse os cosméticos solares segundo a súa finalidade e o momento da súa aplicación

CA5.6 - Diferenciáronse os principios activos que interveñen na formulación dos fotoprotectores solares

CA5.7 - Interpretouse o grao de resistencia á auga dun fotoprotector solar e o seu poder de protección

CA5.8 - Asociouse a composición dos produtos para despois do sol coa súa función

Contidos

BC5 - Análise dos cosméticos de hidratación, mantemento e protección da pel

C5.1 - Cosméticos hidratantes e de mantemento da pel: concepto de hidratación cutánea natural e cosmética Principios activos hidratantes: hidratantes faciais e corporais.

C5.2 - Cosméticos solares. Cosméticos previos ao bronceamento. Fotoprotectores: composición, resistencia á auga, factor de protección solar e formas cosméticas.

C5.3 - Cosméticos para despois do sol.

Obxectivos específicos

Comprender o proceso de hidratación da epiderme

Coñecer a composición dos cosméticos hidratantes

Relacionar a composición dos cosméticos solares coa protección da pel fronte ós raios nocivos do sol

Resultados ou produtos

Tarefas realizadas e subidas á aula virtual

Recursos específicos

Revistas técnicas. Normativa. Libros de consulta. Apuntamentos elaborados polo profesorado. Boletíns de tarefas de repaso/ reforzo (actividades diarias na aula). Aula Virtual.

	Actividade	Descrición	Duración
2	Preparación de fórmulas de cosméticos de hidratación, mantemento e protección da pel.	Preparación no laboratorio de fórmulas de cosméticos de hidratación, mantemento e protección da pel.	12

Criterios de avaliación

RA5 - Selecciona os cosméticos de hidratación, mantemento e protección da pel axeitados par cada tipoloxía cutánea, tendo en conta a relación entre os seus principios activos e o seu mecanismo de acción

CA5.9 - Analizáronse e prepáraronse no laboratorio fórmulas sinxelas de cosméticos de hidratación, mantemento e protección da pel

Contidos

BC5 - Análise dos cosméticos de hidratación, mantemento e protección da pel

C5.4 - Análise e preparación no laboratorio de fórmulas sinxelas de cosméticos de hidratación, mantemento e protección da pel

Obxectivos específicos

Preparar fórmulas de cosméticos de hidratación e/ou protección da pel na aula-laboratorio

Resultados ou produtos

Caderno de laboratorio cuberto seguindo as especificacións da docente.
Procesos normalizados de traballo (informe de prácticas) subidos á aula virtual.

Recursos específicos

Revistas técnicas. Normativa. Libros de consulta. Apuntamentos elaborados polo profesorado. Boletíns de tarefas de repaso/ reforzo (actividades diarias na aula). Aula Virtual. Equipamento, material e utensilios necesarios para a realización das prácticas de formulación de cosméticos.

UD	Título da UD	Duración
6	Cosméticos decorativos	20

	Actividade	Descrición	Duración
1	Cosméticos para a maquillaxe	Clasificación, composición e función dos cosméticos empregados na decoración facial e corporal	15

Criterios de avaliación

RA6 - Selecciona os cosméticos decorativos axeitados para cada tipoloxía cutánea, para o que identifica a súa composición, a súa función e zona da súa aplicación

CA6.1 - Identificáronse os principios activos responsables da acción decorativa dos cosméticos, e diferenciáronse en función da súa solubilidade

CA6.2 - Relacionouse a composición dos cosméticos decorativos coa súa forma de presentación

CA6.3 - Clasificáronse os cosméticos decorativos en función da zona de aplicación

CA6.4 - Analizáronse os cosméticos para maquillar a pel do rostro, os ollos e os beizos, e especificouse o seu obxectivo

CA6.5 - Especificáronse as condicións que debe cumprir un cosmético labial canto a dureza e composición

CA6.6 - Enumerouse a composición dos cosméticos utilizados nos procesos de maquillaxe das uñas

CA6.7 - Clasificáronse os cosméticos para a maquillaxe corporal

CA6.8 - Diferenciáronse os principios activos dos cosméticos autobronceadores e o seu xeito de actuar

Contidos

BC6 - Clasificación dos cosméticos decorativos

C6.1 - Composición xeral: principios activos e excipientes.

C6.3 - Cosméticos para maquillar o rostro: previos á maquillaxe, fondos de maquillaxe, correctores, pos, coloretes, etc.

C6.4 - Cosméticos para a decoración da zona dos ollos.

C6.5 - Cosméticos para os beizos.

C6.6 - Cosméticos para a decoración das uñas: bases, vernices, lacas, esmaltes e especiais para aerógrafo.

C6.7 - Cosméticos para a decoración corporal.

C6.8 - Cosméticos para o bronceamento artificial.

Obxectivos específicos

Recoñecer os distintos compoñentes dos cosméticos para a maquillaxe facial e corporal.

Clasificar os cosméticos empregados na decoración facial e corporal.

Resultados ou produtos

Tarefas realizadas e subidas á aula virtual

Recursos específicos

Revistas técnicas. Normativa. Libros de consulta. Apuntamentos elaborados polo profesorado. Boletíns de tarefas de repaso/ reforzo (actividades diarias na aula). Aula Virtual.

	Actividade	Descrición	Duración
2	Innovacións en cosmética decorativa	Realización e exposición oral (defensa) dun traballo de indagación relacionado coas innovacións en cosmética decorativa	5

Criterios de avaliación

RA6 - Selecciona os cosméticos decorativos axeitados para cada tipoloxía cutánea, para o que identifica a súa composición, a súa función e zona da súa aplicación

CA6.9 - Analizáronse artigos e expedientes sobre innovacións en cosmética decorativa

Contidos

BC6 - Clasificación dos cosméticos decorativos

C6.2 - Innovacións en cosmética decorativa: pigmentos, excipientes, etc.

C6.9 - Innovacións cosméticas decorativas.

Obxectivos específicos

Traballar a competencia transversal de dixitalición mediante o emprego das TIC

Resultados ou produtos

Traballo de indagación entregado en tempo e forma na aula virtual
Exposición oral e defensa do traballo de indagación

Recursos específicos

Revistas técnicas. Normativa. Libros de consulta. Apuntamentos elaborados polo profesorado. Boletíns de tarefas de repaso/ reforzo (actividades diarias na aula). Aula Virtual.

UD	Título da UD	Duración
7	Cosméticos para os procesos de depilación, descoloración, tratamento de mans e pés e próteses ungueais	20

	Actividade	Descrición	Duración
1	Cosméticos para a depilación e descoloración	Explicación da composición, características e mecanismo de acción dos cosméticos de depilación e descoloración	8

Criterios de avaliación

RA7 - Selecciona os cosméticos para os procesos de depilación, descoloración, tratamento de mans e pés e próteses ungueais adecuados ás tipoloxías cutáneas, tendo en conta a relación entre a composición, a forma de presentación e os efectos producidos

CA7.1 - Identificáronse os compoñentes dos depilatorios químicos e o efecto que orixinan sobre a peluxe

CA7.2 - Describíronse os tipos de películas adhesivas, a súa composición e as súas características

CA7.3 - Analizouse a composición, os efectos e o mecanismo de acción dos cosméticos que se empregan antes e despois da depilación

CA7.4 - Determináronse as vantaxes e os inconvenientes dos cosméticos para eliminar a peluxe

CA7.5 - Distinguiuse o xeito de actuar dos cosméticos descolorantes baseándose nos seus principios activos

Contidos

BC7 - Cosméticos para os procesos de depilación, descoloración, tratamentos de mans e pés e próteses ungueais

C7.1 - Cosméticos para depilación (químicos e películas adhesivas): tipos, composición e características. Cosméticos predepilatorios e posdepilatorios.

C7.2 - Cosméticos descolorantes.

Obxectivos específicos

Identificar os compoñentes dos cosméticos empregados en depilación e descoloración.

Describir as características e mecanismos de acción dos cosméticos de depilación e descoloración.

Resultados ou produtos

Tarefas realizadas e subidas á aula virtual

Recursos específicos

Revistas técnicas. Normativa. Libros de consulta. Apuntamentos elaborados polo profesorado. Boletíns de tarefas de repaso/ reforzo (actividades diarias na aula). Aula Virtual.

	Actividade	Descrición	Duración
2	Cosméticos empregados en manicura,	Explicación da composición, características e mecanismo	8

	Actividade	Descrición	Duración
2	pedicura e tratamentos de mans e pés	de acción dos cosméticos empregados en manicura, pedicura e tratamentos de mans e pés	8

Criterios de avaliación

RA7 - Selecciona os cosméticos para os procesos de depilación, descoloración, tratamento de mans e pés e próteses ungueais adecuados ás tipoloxías cutáneas, tendo en conta a relación entre a composición, a forma de presentación e os efectos producidos

CA7.6 - Analizouse a composición de cada cosmético empregado en manicura e pedicura

CA7.7 - Establecéronse os criterios de selección dos cosméticos de manicura, pedicura e tratamentos de mans e pés, en función da súa acción e do servizo estético que se vaia realizar

Contidos

BC7 - Cosméticos para os procesos de depilación, descoloración, tratamentos de mans e pés e próteses ungueais

C7.3 - Cosméticos para mans e pés. Cosméticos de manicura e pedicura: composición, mecanismo de acción e formas cosméticas. Cosméticos de tratamento estético de mans e pés.

Obxectivos específicos

Identificar os elementos presentes nos cosméticos empregados en manicura, pedicura e tratamentos de mans e pés

Comprender características e mecanismo de acción dos cosméticos empregados en manicura, pedicura e tratamentos de mans e pés

Resultados ou produtos

Tarefas realizadas e subidas á aula virtual

Recursos específicos

Revistas técnicas. Normativa. Libros de consulta. Apuntamentos elaborados polo profesorado. Boletíns de tarefas de repaso/ reforzo (actividades diarias na aula).

	Actividade	Descrición	Duración
3	Cosméticos empregados en uñas artificiais	Traballo de indagación por parte do alumnado	4

Criterios de avaliación

RA7 - Selecciona os cosméticos para os procesos de depilación, descoloración, tratamento de mans e pés e próteses ungueais adecuados ás tipoloxías cutáneas, tendo en conta a relación entre a composición, a forma de presentación e os efectos producidos

CA7.8 - Describiuse a composición e o xeito de actuar dos cosméticos empregados para uñas artificiais

Contidos

BC7 - Cosméticos para os procesos de depilación, descoloración, tratamentos de mans e pés e próteses ungueais

C7.4 - Cosméticos para uñas artificiais.

Obxectivos específicos
Traballar a competencia transversal de dixitalición mediante o emprego das TIC Coñecer e concienciar ao alumnado dos riscos asociados ao emprego de algúns ingredientes empregados en cosmética
Resultados ou produtos
Traballo de indagación entregado en tempo e forma na aula virtual Exposición oral e defensa do traballo de indagación
Recursos específicos
Revistas técnicas. Normativa. Libros de consulta. Apuntamentos elaborados polo profesorado. Boletíns de tarefas de repaso/ reforzo (actividades diarias na aula). Aula Virtual.

UD	Título da UD	Duración
8	Almacenamento, conservación e manipulación dos cosméticos	15

	Actividade	Descrición	Duración
1	Alteracións nos cosméticos	Estudo da estabilidade e degradación dos produtos cosméticos	10

Criterios de avaliación

RA8 - Aplica pautas de almacenamento, conservación e manipulación dos cosméticos, para o que identifica as condicións óptimas de uso, e prevén as reaccións adversas que poidan orixinar

CA8.1 - Recoñecéronse as causas e os factores que producen con máis frecuencia alteracións nos cosméticos

CA8.2 - Relacionáronse as alteracións na composición dos produtos cosméticos cos cambios que se orixinan nas súas características organolépticas

Contidos

BC8 - Seguridade e hixiene no almacenamento, na conservación, na manipulación e na aplicación de cosméticos

C8.1 - Estabilidade e alteracións dos cosméticos.

Obxectivos específicos

Identificar as posibles alteracións que poden sufrir os cosméticos

Resultados ou produtos

Tarefas realizadas e subidas á aula virtual
Caderno de laboratorio cuberto seguindo as especificacións da docente.
Procesos normalizados de traballo (informe de prácticas) subidos á aula virtual.

Recursos específicos

Revistas técnicas. Normativa. Libros de consulta. Apuntamentos elaborados polo profesorado. Boletíns de tarefas de repaso/ reforzo (actividades diarias na aula). Aula Virtual. Equipamento, material e utensilios necesarios para a realización de prácticas de estabilidade e degradación de cosméticos.

	Actividade	Descrición	Duración
2	Almacenamento e manipulación dos cosméticos	Identificación do correcto almacenamento de productos cosméticos. Especificación das pautas de correcta manipulación dos produtos cosméticos.	5

Criterios de avaliación

RA8 - Aplica pautas de almacenamento, conservación e manipulación dos cosméticos, para o que identifica as condicións óptimas de uso, e prevén as reaccións adversas que poidan orixinar

CA8.3 - Identificouse o lugar e as condicións óptimas de almacenamento para garantir a correcta conservación dos produtos cosméticos e a organización axeitada do almacén

CA8.4 - Especificáronse as pautas correctas de manipulación dos produtos cosméticos para garantir unhas condicións hixiénico-sanitarias idóneas de aplicación CA8.5 - Analizáronse as consecuencias dunha incorrecta manipulación dos produtos cosméticos CA8.6 - Describíronse as pautas de recollida dos produtos cosméticos contaminados e/ou alterados, respectando a normativa e o ambiente CA8.7 - Identificáronse as reaccións adversas que poidan orixinar os cosméticos, así como os medios para os previr CA8.8 - Enumeráronse as precaucións que debe seguir o persoal para previr riscos e doenzas profesionais, e evitar contaminacións CA8.9 - Pautouse o xeito de actuar do persoal ante a aparición de reaccións adversas a cosméticos
Contidos **BC8 - Seguridade e hixiene no almacenamento, na conservación, na manipulación e na aplicación de cosméticos** C8.2 - Conservación e almacenamento. C8.3 - Alteracións relacionadas coa manipulación e a aplicación de cosméticos. C8.4 - Normativa sobre recollida de produtos cosméticos contaminados e/ou alterados. C8.5 - Reaccións adversas a cosméticos: causas, consecuencias, prevención e xeito de actuar. C8.6 - Doenzas profesionais relacionadas coa manipulación de cosméticos: prevención.
Obxectivos específicos Especificar as pautas correctas para a conservación dos produtos cosméticos. Identificar as reaccións adversas que poidan orixinar os cosméticos, así como, os medios para os previr.
Resultados ou produtos Tarefas realizadas e subidas á aula virtual
Recursos específicos Revistas técnicas. Normativa. Libros de consulta. Apuntamentos elaborados polo profesorado. Boletíns de tarefas de repaso/ reforzo (actividades diarias na aula). Aula Virtual.

5.1. Procedemento de avaliación inicial.

A AVALIACIÓN INICIAL representa o primeiro paso para dispor de información sobre os coñecementos previos que posúe o alumnado para enfrontarse ó estudio do módulo e a detección de NEAE (Necesidades Específicas de Apoio Educativo). Dita avaliación inicial será levada a cabo ó principio de curso mediante a seguinte PLANIFICACIÓN:
a) O primeiro día de clase, tras a presentación do módulo, realizarase unha proba dos coñecementos previos do alumnado e observaranse tódolos aspectos que poidan ser de interese en cada alumno/a: experiencia previa, dificultades de aprendizaxe, motivación, interese, capacidade de traballo... Esta proba non repercute na cualificación do módulo.
b) No mes de outubro, o equipo docente e a orientadora reúnense para poñer en común na sesión de avaliación inicial toda a información recadada por cada docente para incorporar modificacións ás programacións didácticas, se fose necesario.
c) Ao comezo de cada unidade realízanse tarefas introdutorias (debates, preguntas orais, exercicios escritos, etc)

para aportar información sobre os coñecementos previos e/ou erros de concepto que o alumnado ten sobre a unidade concreta.

6.1. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	**UD 1**	**UD 2**	**UD 3**	**UD 4**	**UD 5**	**UD 6**	**UD 7**
Peso UD/ Tipo Ins.	**15**	**15**	**8**	**13**	**13**	**13**	**13**
Lista de cotexo	0	42	0	20	20	12	9
Proba escrita	100	58	100	80	80	88	91

Unidade didáctica	**UD 8**	**Total**
Peso UD/ Tipo Ins.	**10**	**100**
Lista de cotexo	0	**14**
Proba escrita	100	**86**

Procedemento e criterios de cualificación:

A cualificación de cada avaliación será a media calculada da seguinte maneira:

- 80%: Probas escritas

2 tipos de probas escritas (PE):
PE tipo A: Realizaráse unha proba escrita todas as semanas: PE tipo test / preguntas curtas (50 % da cualificación da avaliación). A nota correspondente a este apartado será a media aritmética das probas, sempre e cando acade un mínimo de cinco en cada unha.
PE tipo B: Antes de finalizar cada avaliación: PE consistente na realización de supostos prácticos/ preguntas de desenvolver e/ ou protocolos de traballo (30 %).

- 20%: Tarefas propostas pola docente (actividades diarias na aula, traballos de indagación, entrega de informe de prácticas (PNT) e caderno de laboratorio ...).

IMPORTANTE:
- É necesario, para poder facer a media ponderada entre as tarefas e as probas escritas, acadar unha cualificación igual ou maior a un 5 (sobre unha puntuación total de 10 puntos) tanto nas PE como nas tarefas.
-As tarefas deben ser subidas en tempo e forma (.pdf) na aula virtual para poder ser cualificadas, e polo tanto, superar o módulo.
- En canto a realización das prácticas, tal como se lle informa ao alumnado na aula virtual (e se lle explicará ao comezo de curso), é obrigatorio:

- Realizar as prácticas do módulo. Perderse algunha práctica, sin xustificación, podería ser razón suficiente para non superar a avaliación e, polo tanto o módulo.
- Dispor dunha libreta/caderno de laboratorio. Non se poderán realizar as prácticas sin dita libreta/ caderno.
- Informar á docente de posibles alerxias, así como, de posibles reaccións irritativas na pel durante a realización

da prácticas.
- Ler e comprender o guión de prácticas, así como, preparar a práctica (búsqueda de información) previa realización do traballo na aula-laboratorio.
- Cumprir as normas de seguridade e hixiene na aula-laboratorio.

- En canto aos traballos de indagación, son de obrigada realización. Deberán ser entregados en tempo e forma na aula virtual. De non ser entregados, suporá a non superación da avaliación, e polo tanto, do módulo.
-NON se realizarán recuperacións. De non acadar unha avalición positiva, o alumnado deberá recuperar os RA non superados en xuño.
-A cualificación final do módulo será a media aritmética das cualificacións de cada avaliación, sempre que estas estén superadas. No caso daqueles/as alumnos e alumnas que non superen algunha das avaliacións e a media aritmética resulte superior a catro puntos,a puntuación máxima asignada será de catro puntos
- Se se atopase a algún alumno/a copiando ou realizando algunha práctica ilegal durante as probas escritas, automaticamente éstas valoraranse con un 0, e tería, polo tanto, a avaliación correspondente suspensa.
- Só se permitirá a realización das probas escritas fóra da data proposta, ó alumnado que presente xustificación, con documento acreditativo, por causa maior (enfermidade, ingreso hospitalario, morte dun familiar ata o segundo grado de cosanguinidade, citación xudicial...)

Procedemento e criterios de recuperación

O procedemento de recuperación enténdese non só como exame de recuperación, senón como actividade de recuperación; é unha parte máis do proceso de ensinanza-aprendizaxe e iníciase en canto se detecta a deficiencia dun alumno ou alumna, no seguimento da súa evolución, realizando con él/ela actividades complementarias de reforzo e apoiando aqueles puntos donde ten dificultades. Si, aínda así, o alumno ou alumna non supera a avaliación, programaranse actividades de recuperación que terán por obxecto orientar e redirixir a aprendizaxe deste alumnado, permitíndolle subsanar as súas carencias de aprendizaxe.
As actividades de recuperación serán semellantes ás actividades propostas nas distintas unidades, e sempre programadas de menos a máis dificultade.
PROBA EXTRAORDINARIA
O alumnado, con dereito a avaliación continua, que non acade unha avaliación positiva ten dereito a unha proba de recuperación ao final do curso (xuño).
Esta proba escrita consistirá en 2 partes diferenciadas:
- Parte A: preguntas tipo test (razonando o porqué da resposta) e/ ou de resposta curta.
- Parte B: un ou dous supostos prácticos.
Para acadar unha avaliación positiva será necesario acadar unha calificación mínima de 5 sobre 10 en cada unha das partes (parte A e parte B)

- De non superar a proba final de recuperación a alumna ou alumno suspenderá o módulo, xa que a avaliación é continua e a súa compresión e emprego na práctica profesional non se poden considerar os RA individualizados, senón como un todo, conxunto de todos os RA; polo tanto, a non superación dun RA implica que o alumno/alumna non adquiriu os coñecementos, destrezas habilidades e competencias relacionadas co módulo e ca práctica profesional que ten que desempeñar no mercado laboral.
- Permitirase a entrada aos exames ás persoas que se presenten con retraso, sempre que aínda non saíra ninguén, pero sen que por elo se lle conceda maior tempo para a realización das probas.
- Calquera tipo de actitude fraudulenta levada a cabo na realización da proba teórico-práctico (por exemplo emprego de material non permitido: calculadoras científicas programables, apuntes, libros, ferramentas de gravación e lectura dixitais, smart-watch, emprego de sistemas de escoita remota, pinganillos, etc) implicará que o profesor retire o exame e a proba sexa cualificada con cero puntos.
- O profesorado non asumirá ningunha responsabilidade nin repetirá ningunha proba en caso de que o alumnado se ausente nas datas previstas na devandita convocatoria.

6.2. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O alumnado coa materia pendente poderá recuperala seguindo un plan de reforzo ao que terá acceso a través da aula virtual do centro; podendo realizar calquera tipo de consulta (respecto das actividades propostas e/ou das probas teórico-prácticas).
Así mesmo, levaráse a cabo unha proba escrita a finais de xaneiro - comezos de febreiro (antes do remate da segunda avaliación), cunha duración máxima de tres horas, a cal versará sobre os contidos mínimos da materia.
Esta proba escrita consistirá en 2 partes diferenciadas:

- Parte A: preguntas tipo test (razonando o porqué da resposta) e/ ou de resposta curta.
- Parte B: un ou dous supostos prácticos.
Para acadar unha avaliación positiva será necesario obter unha calificación mínima de 5/10 en cada unha das partes (parte A e parte B)
Permitirase a entrada aos exames ás persoas que se presenten con retraso, sempre que aínda non saíra ninguén, pero sen que por elo se lle conceda maior tempo para a realización das probas.
Calquera tipo de actitude fraudulenta levada a cabo na realización da proba teórico-práctico (por exemplo emprego de material non permitido: calculadoras científicas programables, apuntes, libros, ferramentas de gravación e lectura dixitais, smart-watch, emprego de sistemas de escoita remota, pinganillos, etc) implicará que a profesora retire o exame e a proba sexa cualificada con cero puntos.
O profesorado non asumirá ningunha responsabilidade nin repetirá ningunha proba en caso de que o alumnado se ausente nas datas previstas na devandita convocatoria.

6.3. Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito á avaliación continua

Debido ao carácter continuo da avaliación, nas modalidades de ensino profesional será necesaria a asistencia do alumnado ás actividades programadas para os distintos módulos.
Se o número de faltas inxustificadas nun determinado módulo é superior ao 10 % respecto da súa duración implicará a PERDA DO DEREITO Á AVALIACIÓN CONTINUA (Orde 12 de xullo de 2011). Neste caso o módulo ten unha duración de 155 sesións anuais, polo que o límite de ausencias será de 16 sesións. Este alumnado, se a profesora o considera, poderá asistir a clases como oínte e,deberá realizar unha única proba en xuño, con cuestións, tanto de tipo teórico como de aplicación teórico-práctica, relacionadas cos contidos mínimos do módulo. Nesta proba o alumnado terá que acadar unha puntuación mínima de 5 sobre 10 para superar a proba de avaliación extraordinaria.
IMPORTANTE:
Esta proba escrita consistirá en 2 partes diferenciadas:
- Parte A: preguntas tipo test (razonando o porqué da resposta) e/ ou de resposta curta.
- Parte B: un ou dous supostos prácticos.
Para acadar unha avaliación positiva será necesario obter unha calificación mínima de 5 sobre 10 en cada unha das partes (parte A e parte B)
Permitirase a entrada aos exames ás persoas que se presenten con retraso, sempre que aínda non saíra ninguén, pero sen que por elo se lle conceda maior tempo para a realización das probas.
Calquera tipo de actitude fraudulenta levada a cabo na realización da proba teórico-práctico (por exemplo emprego de material non permitido: calculadoras científicas programables, apuntes, libros, ferramentas de gravación e lectura dixitais, smart-watch, emprego de sistemas de escoita remota, pinganillos, etc) implicará que a profesora retire o exame e a proba sexa cualificada con cero puntos.
O profesorado non asumirá ningunha responsabilidade nin repetirá ningunha proba en caso de que o alumnado se ausente nas datas previstas na devandita convocatoria.

7.1. Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados.

Dentro do grupo pode haber alumnado que non acadan os obxectivos das actividades ou, polo contrario, que acadan sobradamente os obxectivos previstos. En ambos casos plantearanse alternativas, como:
- Ofrecer actividades:
  + Comúns para todo ó alumnado con fin de asimilar os contidos mínimos.
  + Máis complexas para o alumnado que acade os obxectivos previstos, onde se afonde nós coñecementos adquiridos.
  + Máis sinxelas, cunha metodoloxía distinta e máis secuenciada, para que aquel alumnado que non acadara os mínimos, sexa capaz de chegar por outro camiño ós fins propostos.
- Seguimento, máis personalizado, do alumnado con dificultades para acadar os obxectivos
- Para o alumnado que non supere o módulo, ademais das medidas anteriormente expostas (de ser o caso): no mes de xuño realízanse probas orais ou/e escritas e/ou prácticas, podendo incluir tamén a realización dalgunha das actividades das unidades didácticas nas que non se acadaran os obxectivos previstos.

8.1. Programación da educación en valores.

Os temas transversais deben impregnar todo o proceso educativo dos ciclos formativos. Partimos dunha tarefa educativa na que non soamente faga boas e bos profesionais, senón persoas con criterios, con análise e visión crítica. Fomentar o respeto, tolerancia, liberdade e igualdade entre as persoas.
É importante promover no alumnado pautas de conductas saudables, a valoración da propia imaxe como parte da personalidade e potenciar e mellorar a autoestima e o autoconcepto.
TRATAMENTO DOS TEMAS TRANSVERSAIS
Educación moral e cívica:

- Elaborar de forma autónoma e racional, a través do diálogo cos outros, de principios xerais de valores que axuden a xulgar criticamente a realidade.
- Conseguir que os/as xoves fagan seus todos os tipos de comportamento coherente cos principios e normas construídas.
- Lograr que adquiran normas e valores democráticos e xustos.

Educación para a paz:

- Fomentar os valores de solidariedade, tolerancia, respecto á diversidade e capacidade de diálogo.
- Desenvolver a autonomía e autoafirmación individual.
- Introducir a reflexión sobre distintas formas de violencia.

Educación para a igualdade de oportunidades de ambos sexos:

- Rexeito das desigualdades e discriminacións derivadas da pertenza a un sexo.
- Posibilidade de identificar situacións nas que se produce este tipo de discriminación e de analizar as súas causas.
- Adquisición de formas de comportamento acordes con estes principios.

Educación ambiental:

- Respetar o entorno físico e natural.
- Comprender as actividades humanas e a súa repercusión na natureza.

Educación do consumidor:

- Desenvolver actitudes críticas fronte ó consumo irresponsable.
- Fomentar o consumo responsable.

Educación para a saúde:

- Desenvolver a capacidade do alumnado para vivir en equilibrio co seu entorno físico, biolóxico e sociocultural.
- Coñecer o seu propio corpo e as formas de mellorar o seu funcionamento.
- Reflexionar sobre as sustancias que prexudican o organismo e adquirir hábitos de saúde axeitados.

9.1. Actividades complementarias e extraescolares.

Entre as actividades que se poden levar a cabo están as seguintes:
- Visitas a museos, exposicións, feiras, congresos, etc. de tipo profesional e cultural.
- Realizar algún curso de actualización profesional por parte dalgunha casa comercial ou outros profesionais.
- Visitas a fábricas de cosméticos, empresas do sector etc.

E as que poidan xurdir ao longo do curso escolar e a profesora responsable do módulo considere de interese para o módulo ou o ciclo.

10.1. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente.

Levarase a cabo un proceso de avaliación continuo no que debe terse en conta a actualización permanente que é necesario ter da normativa e das innovacións profesionais que poidan ocorrer ao longo do curso.
A docente responsable do módulo, debido ao carácter necesariamente aberto da programación: poderá introducir axustes que, sin modificar a programación nos seus fundamentos, facilite o seu desenrolo máis adecuado ás características grupais, individuais e/ou do propio desenrolo do curso escolar.
A maiores cada departamento realizará cunha frecuencia mínima mensual, o seguimento das programacións de cada módulo, no cal se reflectirá o grao de cumprimento con respecto a programación e a xustificación razonada no caso de desviacións. Levantarase acta de dito control.
A avaliación final, realízase coa memoria final do modulo incluída na memoria de ciclo e na memoria do departamento, onde constarán os datos máis relevantes do desenvolvemento da programación ao longo do curso, segundo plantilla do departamento/centro.

11.1. Outros apartados.

PROGRAMACIÓN LOOIFP

Versión Docente

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
32009116	IES 12 de Outubro	Ourense	2025/2026

Datos da programación

Ensinanza	Ciclo formativo/Curso de especialización	Grao
Graos D: Ciclos formativos	D2IMP000100 - Estética e beleza	CM

Módulo
MP0635 - Depilación mecánica e descoloración da peluxe (2º)

Tipo de oferta	Modalidade	Réxime dual	Grupo
Réxime xeral-ordinario	Presencial	Xeral	A

Sesións semanais	Horas anuais	Duración Sesións	Sesións anuais	Sesións centro	Identificador
7	191	50	229	119	

Etiquetas

Profesorado responsable

Docentes
Lage Asenjo, Ana

Contido **Páxina**

1.1. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo. 3

2.1. Relación e secuencia de unidades didácticas 3

2.2. Asignación de elementos curriculares ás unidades didácticas. 4

3.2. Deseño das unidades didácticas: asignación de elementos curriculares ás actividades. 11

5.1. Procedemento de avaliación inicial. 32

6.1. Criterios de cualificación e recuperación 33

6.2. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes 34

6.3. Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito á avaliación continua 35

7.1. Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados. 36

8.1. Programación da educación en valores. 36

9.1. Actividades complementarias e extraescolares. 37

10.1. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente. 37

11.1. Outros apartados. 37

1.1. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo.

Decreto 203/2013, do 27 de decembro, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de técnico en Estética e Beleza.
Este currículo adapta a nova titulación ao campo profesional e de traballo da realidade socioeconómica galega e ás necesidades de cualificación do sector produtivo canto a especialización e polivalencia, e posibilita unha inserción laboral inmediata e unha proxección profesional futura.
O currículo que se establece neste decreto desenvólvese tendo en conta o perfil profesional do título a través dos obxectivos xerais que o alumnado debe alcanzar ao finalizar o ciclo formativo e os obxectivos propios de cada módulo profesional, expresados a través dunha serie de resultados de aprendizaxe, entendidos como as competencias que deben adquirir os alumnos e as alumnas nun contexto de aprendizaxe, que lles han permitir conseguir os logros profesionais necesarios para desenvolver as súas funcións con éxito no mundo laboral.
Os profesionais que obteñan este título exercerán a súa actividade en medianas e pequenas empresas que teñen relación directa coa imaxe persoal, nomeadamente en establecementos do sector de servizos de estética e peiteado, e en xeral en establecementos relacionados coa venda de produtos de imaxe persoal, así como coa cosmética, desempeñando tarefas de execución de maquillaxe social, depilación mecánica, tratamentos básicos de hixiene, hidratación facial e corporal, estética de mans e pés, asesoramento sobre perfumes e cosmética natural, así como a comercialización dos produtos e os servizos estéticos, ofrecendo un servizo de atención á clientela da empresa. Podería ser persoal traballador por conta propia efectuando a organización da súa propia empresa.
As ocupacións e os postos de traballo máis salientables son os seguintes: Técnico/a esteticista en centros de beleza e gabinetes de estética. Maquillador/ora. Técnico/a en uñas artificiais. Técnico/a en depilación. Técnico/a en manicura e pedicura. Recepcionista en empresas estéticas. Demostrador/ora de equipamentos, cosméticos e técnicas estéticas. Axente comercial en empresas do sector. Asesor/ora vendedor/ora en perfumarías e drogarías

2.1. Relación e secuencia de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións
1	PREPARACIÓN DO ESPAZO DE TRABALLO		10	6
2	REALIZACIÓN DA ANÁLISE ESTÉTICA SEGUNDO OS PROTOCOLOS ESTABLECIDOS		15	11
3	SELECCIÓN DE PROCEDEMENTOS DE DEPILACIÓN MECÁNICA E DESCOLORACIÓN		15	25
4	EXECUCIÓN DE TÉCNICAS DE DEPILACIÓN MECÁNICA		35	46
5	EXECUCIÓN DE TÉCNICAS DE DESCOLORACIÓN DO VELLO		10	25
6	PARÁMETROS QUE DEFINEN A CALIDADE NOS PROCESOS DE DEPILACIÓN E DESCOLORACIÓN DA PELUXE		15	6

2.2. Asignación de elementos curriculares ás unidades didácticas.

UD	Título da UD	Duración
1	PREPARACIÓN DO ESPAZO DE TRABALLO	6

Criterios de avaliación	IA	%
RA1 - Prepara o espazo de traballo aplicando normas establecidas de mantemento e hixiene de equipamentos de depilación, e xustifica o procedemento		
CA1.1 - Asociáronse os espazos básicos onde se vaian desenvolver as actividades con cada proceso	TO	10
CA1.2 - Relacionáronse os equipamentos e os utensilios coas técnicas de eliminación ou disimulación da peluxe	TO	10
CA1.3 - Estudáronse as medidas de protección e seguridade do persoal e das persoas usuarias	PE	10
CA1.4 - Valorouse a importancia da utilización de material dun só uso	PE	10
CA1.5 - Mantivéronse as instalacións en condicións óptimas de hixiene	TO	10
CA1.6 - Controlouse o funcionamento e o bo estado dos equipamentos e dos aparellos	TO	10
CA1.7 - Recoñecéronse os factores de ambientación do espazo de traballo (ventilación, luz, cor, olor, etc.) como factor de calidade do servizo	PE	5
CA1.8 - Sinalouse a importancia da hixiene postural e a ergonomía para previr lesións óseas, circulatorias e musculares	PE	10
CA1.9 - Aplicáronse as normas de control e almacenamento	TO	5
CA1.10 - Ordenouse e controlouse o almacén da área de depilación	TO	10
CA1.11 - Rexeitáronse materiais e produtos non axeitados, caducados ou en mal estado, e xestionouse convenientemente a súa eliminación	TO	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC1 - Preparación do espazo de traballo
A cabina de estética para procesos de depilación.
Seguridade e hixiene nos procesos de depilación e descoloración da peluxe. Medidas de protección para o persoal e a clientela.

Contidos
Precaucións, conservación e mantemento de aparellos, equipamentos e cosméticos utilizados en depilación: limpeza e desinfección e/ou esterilización de materiais e equipamentos.
Protocolos de actuación ante riscos inesperados.
Hixiene postural e ergonomía.
Prevención de accidentes e reaccións adversas.
Xestión de residuos.

UD	Título da UD	Duración
2	REALIZACIÓN DA ANÁLISE ESTÉTICA SEGUNDO OS PROTOCOLOS ESTABLECIDOS	11

Criterios de avaliación	IA	%
RA2 - Realiza a análise estética aplicando os protocolos establecidos para o proceso de depilación e descoloración da peluxe		
CA2.1 - Utilizáronse as técnicas de comunicación na fase de toma de datos	TO	10
CA2.2 - Realizáronse medidas de atención á clientela	TO	10
CA2.3 - Avaliáronse as características do pelo e a peluxe	PE	10
CA2.4 - Determináronse alteracións do sistema piloso susceptibles destes tratamentos	PE	10
CA2.5 - Diferenciáronse alteracións cutáneas e vasculares con repercusión en depilación	PE	10
CA2.6 - Interpretrouse a demanda para corrixir alteracións estéticas causadas pola peluxe	TO	10
CA2.7 - Identificáronse reaccións adversas provocadas pola depilación e a descoloración da peluxe	PE	10
CA2.8 - Rexistráronse na ficha técnica os datos máis salientables para estes procesos, como a distribución e as características da peluxe	PE	10
CA2.9 - Detalláronse as indicacións e as contraindicacións destes tratamentos	PE	10
CA2.10 - Adoptáronse actitudes e calidades profesionais como pulcritude, destreza manual, gusto estético, amabilidade, responsabilidade, organización, rapidez de reflexos, etc	TO	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC2 - Realización de análise estética para depilación
Actitudes e aptitudes profesionais.
Deontoloxía profesional.
Preparación da clientela.
Ficha de clientela.
Tipos e distribución de pelo e localización zonal da peluxe superflua.
Estudo das cellas e a súa corrección.
Identificación das alteracións do órgano cutáneo con repercusión no proceso da depilación.
Identificación das alteracións estéticas corporais causadas pola peluxe.
Hipertricose e hirsutismo.
Alteracións de tipo vascular.
Contraindicacións absolutas ou relativas na aplicación de tratamentos estéticos de depilación.

UD	Título da UD	Duración
3	SELECCIÓN DE PROCEDEMENTOS DE DEPILACIÓN MECÁNICA E DESCOLORACIÓN	25

Criterios de avaliación	IA	%
RA3 - Selecciona procedementos de depilación e descoloración da peluxe, tendo en conta a relación entre as propiedades de cada técnica e as necesidades da persoa usuaria		
CA3.1 - Definiuse a terminoloxía e as técnicas de depilación e epilación	PE	10
CA3.2 - Diferenciáronse os métodos de depilación polas súas características ou xeito de aplicación	TO	10
CA3.3 - Seleccionáronse os métodos segundo a zona corporal e as características da pel ou do pelo que se vaia tratar	TO	15
CA3.4 - Determinouse a utilización dos métodos de descoloración segundo características da pel e do pelo onde se vaia aplicar	PE	10
CA3.5 - Identificáronse as propiedades, o xeito de utilización e a presentación dos cosméticos depilatorios	TO	15
CA3.6 - Describíronse as técnicas actuais de depilación mecánica	PE	15
CA3.7 - Describíronse as técnicas de depilación utilizadas a través da historia	PE	10

Criterios de avaliación	IA	%
CA3.8 - Clasificáronse os utensilios, os equipamentos e os aparellos para a depilación mecánica	TO	15

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC3 - Selección de procedementos de depilación
Concepto de epilación e depilación.
A depilación a través da historia.
Tipos de técnicas depilatorias: químicas e físicas.
Materiais, utensilios e equipamentos de depilación mecánica: fundidores e aplicadores de cera quente e morna.
CA3.2. Transmitíronse á clientela, de maneira oportuna, as operacións que cumpra levar a cabo nos artigos entregados e os tempos previstos para iso.			X		
CA3.3. Identificáronse os documentos de entrega asociados ao servizo ou produto.			X		
CA3.4. Recolleuse a conformidade da clientela co acabamento obtido e, en caso contrario, tomouse nota adecuadamente das súas obxeccións.			X		
CA3.5. Valorouse a pulcritude e a corrección, tanto no vestir como na imaxe corporal, elementos clave na atención á clientela.			X		
CA3.6. Mantívose sempre o respecto cara á clientela.			X		
CA3.7. Intentouse a fidelización da clientela co bo resultado do traballo.			X		
CA3.8. Definiuse o período de garantía e as obrigas legais aparelladas.			X		
• RA4. Recoñece as capacidades asociadas á iniciativa emprendedora, identificando os requisitos derivados do servizo de atención á clientela.					
CA4.1. Caracterizouse o perfil de persoa emprendedora e describíronse os requisitos e as actitudes necesarias para o desenvolvemento da atención á clientela.				X	
CA4.2. Valorouse a importancia da iniciativa individual, da creatividade, da colaboración, da motivación e da formación no éxito da atención á clientela.				X	
CA4.3. Recoñece os factores de risco inherentes á actividade emprendedora relacionada coa atención á clientela .				X	
• RA5. Atende reclamacións de posible clientela e recoñece o protocolo de actuación.					
CA5.1. Ofrecéronselle alternativas á clientela ante reclamacións doadamente corrixibles, expondo claramente os tempos e as condicións das operacións que cumpra realizar, así como o nivel de probabilidade de modificación esperable.					X
CA5.2. Recoñecéronse os aspectos principais en que incide a lexislación en relación coas reclamacións.					X
CA5.3. Subministróuselle á clientela a información e a documentación necesarias para a presentación dunha reclamación escrita, de ser o caso.					X
CA5.4. Recolléronse os formularios presentados pola clientela para a realización dunha reclamación.					X

CA5.5. Cubriuse unha folla de reclamación.					X
CA5.6. Compartiuse información co equipo de traballo.					X
CONTIDOS					X
BC1. Atención á clientela.					
• Proceso de comunicación. Axentes e elementos que interveñen.	X				
• Barreiras e dificultades comunicativas.	X				
• Comunicación verbal: emisión e recepción de mensaxes orais.	X				
• Motivación, frustración e mecanismos de defensa. Comunicación non verbal.	X				
BC2. Venda de produtos e servizos					
• O/a vendedor/ora: características, funcións e actitudes; calidades e aptitudes para a venda e o seu desenvolvemento.		X			
• Exposición das calidades dos produtos e servizos.		X			
• O/a vendedor/ora profesional: modelo de actuación. Relacións coa clientela.		X			
• Técnicas de venda.		X			
BC3. Información á clientela.					
• Papeis, obxectivos e relación entre profesionais e a clientela.			X		
• Tipoloxía de clientela e a súa relación coa prestación do servizo.			X		
• Atención personalizada como base da confianza na oferta de servizo.			X		
• Necesidades e gustos da clientela, e criterios para a súa satisfacción.			X		
• Obxeccións da clientela e o seu tratamento.			X		
BC4. Iniciativa emprendedora na atención á clientela					
• A persoa emprendedora no servizo de atención á clientela.				X	
• Iniciativa, creatividade, colaboración, motivación e formación na actividade de atención á clientela.				X	
• O risco como factor inherente á actividade emprendedora relacionada coa atención á clientela.				X	
BC5. Tratamento de reclamación.					
• Técnicas utilizadas na actuación ante reclamacións. Xestión de reclamacións. Alternativas reparadoras. Elementos formais que contextualizan unha reclamación.					X
• Documentos necesarios ou probas nunha reclamación. Procedemento de recollida das reclamacións.					X

5. Deseño das unidades didácticas: relación e secuencia de actividades:

UD1	Atención da clientela.		
Secuencia	Título	Descrición	Nº de sesións
1º	O proceso de comunicación.	Comunicación verbal e emisión de mensaxes orais.	4

2º	Simulacros de recepción e atención á clientela.	Recepción e atención á clientela.	1
3º	Linguaxe técnico.	Comunicación con linguaxe técnico propio do sector da imaxe persoal.	3

UD2	Comunicación ca clientela.		
Secuencia	Título	Descrición	Nº de sesións
1º	Diferencia entre a comunicación ca clientela e provedores.	Diferencia entre a comunicación ca clientela e provedores.	3
2º	Características, funcións e actitudes do vendedor.	Características, funcións e actitudes do vendedor.	2
3º	O cliente xeral.	O cliente. Tipos.	5

UD3	Informar á clientela do servizo realizado.		
Secuencia	Título	Descrición	Nº de sesións
1º	Vantaxes de produtos e servizos.	Explicacións das vantaxes de produtos e servizos.	2
2º	Técnicas de ventas.	Explicación de técnicas de ventas.	5
3º	Acabado do servizo e seguimento post-venta.	Exposición sobre servicios post-venta.	4

UD4	Recoñecer as capacidades asociadas á iniciativa emprendedora.		
Secuencia	Título	Descrición	Nº de sesións
1º	Capacidades asociadas a iniciativa emprendedora.	Explicación sobre as capacidades asociadas a iniciativa emprendedora.	3

UD5	Atención de reclamacións e a seguridade nos servizos.		
Secuencia	Título	Descrición	Nº de sesións
1º	Xestión de reclamacións e seguridade.	Proceso de reparación e coidado pola seguridade do cliente.	2
2º	Follas de reclamación.	Aprendizaxe sobre como cubrir e tratar as follas de reclamación.	2

6. <u>Deseño das unidades didácticas: asignación de elementos curriculares ás actividades:</u>

UD1: Atención da clientela.	Actividades

Criterios de avaliación	A1	A2	A3
CA1.1. Analizouse o comportamento da clientela posible.	X		
CA1.2. Adaptáronse adecuadamente a actitude e o discurso á situación de partida.	X		
CA1.3. Obtívose a información necesaria da posible clientela.	X		
CA1.4. Favoreceuse a comunicación co emprego de técnicas e actitudes apropiadas ao desenvolvemento desta.	X		
CA1.5. Mantívose unha conversa utilizando as fórmulas, os léxico comercial e os nexos de comunicación (pedir aclaracións, solicitar información, pedir a alguén que repita, etc.).	X		
CA1.6. Deuse resposta a unha pregunta de doada solución, utilizando o léxico comercial axeitado.			X
CA1.7. Expresouse oralmente un tema prefixado ante un grupo ou nunha relación de comunicación na que interveñen dous/dúas interlocutores/as.			X
CA1.8. Mantívose unha actitude conciliadora e sensible cara ás demais persoas, demostrando cordialidade e amabilidade no trato.		X	
CA1.9. Transmitiuse información con claridade, de xeito ordenado e con estrutura clara e precisa.		X	
Contidos			
• Proceso de comunicación. Axentes e elementos que interveñen.	X		
• Barreiras e dificultades comunicativas.	X		
• Comunicación verbal: emisión e recepción de mensaxes orais.			X
• Motivación, frustración e mecanismos de defensa. Comunicación non verbal.		X	

UD2: Comunicación ca clientela.	Actividades		
Criterios de avaliación	A1	A2	A3
CA2.1. Analizouse a tipoloxía de público.			X
CA2.2. Diferenciouse clientela de provedores/as e do público en xeral.			X
CA2.3. Recoñeceuse a terminoloxía básica de comunicación comercial.		X	
CA2.4. Diferenciouse entre información e publicidade.	X		
CA2.5. Adecuáronse as respostas en función das preguntas do público.	X		
CA2.6. Informouse a clientela acerca das características do servizo, nomeadamente das calidades esperables.	X		
CA2.7. Asesorouse a clientela sobre a opción máis recomendable, cando existan varias posibilidades, e informouse das características e dos acabamentos previsibles de cada unha.		X	
CA2.8. Solicitóuselle á clientela que comunique a elección da opción elixida.		X	
Contidos			
• O/a vendedor/ora: características, funcións e actitudes; calidades e aptitudes para a venda e o seu desenvolvemento.		X	
• Exposición das calidades dos produtos e servizos.	X		
• O/a vendedor/ora profesional: modelo de actuación. Relacións coa clientela.		X	
• Técnicas de venda.			X

UD3: Informar á clientela do servizo realizado.	Actividades		
Criterios de avaliación	A1	A2	A3
CA3.1. Fíxose entrega á clientela dos artigos procesados e informouse dos servizos realizados nos artigos.	X		
CA3.2. Transmitíronse á clientela, de maneira oportuna, as operacións que cumpra levar a cabo nos artigos entregados e os tempos previstos para iso.			X
CA3.3. Identificáronse os documentos de entrega asociados ao servizo ou produto.			X
CA3.4. Recolleuse a conformidade da clientela co acabamento obtido e, en caso contrario, tomouse nota adecuadamente das súas obxeccións.			X
CA3.5. Valorouse a pulcritude e a corrección, tanto no vestir como na imaxe corporal, elementos clave na atención á clientela.		X	
CA3.6. Mantívose sempre o respecto cara á clientela.		X	
CA3.7. Intentouse a fidelización da clientela co bo resultado do traballo.			X
CA3.8. Definiuse o período de garantía e as obrigas legais aparelladas.			X
Contidos			
• Papeis, obxectivos e relación entre profesionais e a clientela.	X		
• Tipoloxía de clientela e a súa relación coa prestación do servizo.		X	
• Atención personalizada como base da confianza na oferta de servizo.		X	
• Necesidades e gustos da clientela, e criterios para a súa satisfacción.		X	
• Obxeccións da clientela e o seu tratamento.			X

UD4: Recoñecer as capacidades asociadas á iniciativa emprendedora.	
Criterios de avaliación	A1
CA4.1. Caracterizouse o perfil de persoa emprendedora e describíronse os requisitos e as actitudes necesarias para o desenvolvemento da atención á clientela.	X
CA4.2. Valorouse a importancia da iniciativa individual, da creatividade, da colaboración, da motivación e da formación no éxito da atención á clientela.	X
CA4.3. Recoñece os factores de risco inherentes á actividade emprendedora relacionada coa atención á clientela .	X
Contidos	
• A persoa emprendedora no servizo de atención á clientela.	X
• Iniciativa, creatividade, colaboración, motivación e formación na actividade de atención á clientela.	X
• O risco como factor inherente á actividade emprendedora relacionada coa atención á clientela.	X

UD5:		
Criterios de avaliación	A1	A2
CA5.1. Ofrecéronselle alternativas á clientela ante reclamacións doadamente corrixibles, expondo claramente os tempos e as condicións das operacións que cumpra realizar, así como o nivel de probabilidade de modificación esperable.	X	
CA5.2. Recoñecéronse os aspectos principais en que incide a lexislación en relación coas reclamacións.	X	
CA5.3. Subministróuselle á clientela a información e a documentación necesarias para a presentación dunha reclamación escrita, de ser o caso.	X	
CA5.4. Recolléronse os formularios presentados pola clientela para a realización dunha reclamación.		X
CA5.5. Cubriuse unha folla de reclamación.		X
CA5.6. Compartiuse información co equipo de traballo.		X
Contidos		
• Técnicas utilizadas na actuación ante reclamacións. Xestión de reclamacións. Alternativas reparadoras. Elementos formais que contextualizan unha reclamación.	X	
• Documentos necesarios ou probas nunha reclamación. Procedemento de recollida das reclamacións.		X

7. Deseño das unidades didácticas: avaliación:

UD1: Atención da clientela.		
Criterios de avaliación	Tipo de instrumento	Peso 100 %
CA1.1. Analizouse o comportamento da clientela posible.	Proba escrita	5
CA1.2. Adaptáronse adecuadamente a actitude e o discurso á situación de partida.	Táboa de observación	15
CA1.3. Obtívose a información necesaria da posible clientela.	Táboa de observación	10
CA1.4. Favoreceuse a comunicación co emprego de técnicas e actitudes apropiadas ao desenvolvemento desta.	Táboa de observación	10
CA1.5. Mantívose unha conversa utilizando as fórmulas, os léxico comercial e os nexos de comunicación (pedir aclaracións, solicitar información, pedir a alguén que repita, etc.).	Táboa de observación	15
CA1.6. Deuse resposta a unha pregunta de doada solución, utilizando o léxico comercial axeitado.	Táboa de observación	10
CA1.7. Expresouse oralmente un tema prefixado ante un grupo ou nunha relación de comunicación na que interveñen dous/dúas interlocutores/as.	Táboa de observación	10
CA1.8. Mantívose unha actitude conciliadora e sensible cara ás demais persoas, demostrando cordialidade e amabilidade no trato.	Táboa de observación	10

CA1.9. Transmitiuse información con claridade, de xeito ordenado e con estrutura clara e precisa.	Táboa de observación	15

UD2: Comunicación ca clientela.		
Criterios de avaliación	Tipo de instrumento	Peso 100 %
CA2.1. Analizouse a tipoloxía de público.	Proba escrita	15
CA2.2. Diferenciouse clientela de provedores/as e do público en xeral.	Proba escrita	10
CA2.3. Recoñeceuse a terminoloxía básica de comunicación comercial.	Proba escrita	15
CA2.4. Diferenciouse entre información e publicidade.	Proba escrita	10
CA2.5. Adecuáronse as respostas en función das preguntas do público.	Táboa de observación	15
CA2.6. Informouse a clientela acerca das características do servizo, nomeadamente das calidades esperables.	Proba escrita	15
CA2.7. Asesorouse a clientela sobre a opción máis recomendable, cando existan varias posibilidades, e informouse das características e dos acabamentos previsibles de cada unha.	Proba escrita	15
CA2.8. Solicitóuselle á clientela que comunique a elección da opción elixida.	Proba escrita	5

UD3: Informar á clientela do servizo realizado.		
Criterios de avaliación	Tipo de instrumento	Peso 100 %
CA3.1. Fíxose entrega á clientela dos artigos procesados e informouse dos servizos realizados nos artigos.	Táboa de observación	5
CA3.2. Transmitíronse á clientela, de maneira oportuna, as operacións que cumpra levar a cabo nos artigos entregados e os tempos previstos para iso.	Táboa de observación	10
CA3.3. Identificáronse os documentos de entrega asociados ao servizo ou produto.	Proba escrita	15
CA3.4. Recolleuse a conformidade da clientela co acabamento obtido e, en caso contrario, tomouse nota adecuadamente das súas obxeccións.	Táboa de observación	15
CA3.5. Valorouse a pulcritude e a corrección, tanto no vestir como na imaxe corporal, elementos clave na atención á clientela.	Táboa de observación	15
CA3.6. Mantívose sempre o respecto cara á clientela.	Táboa de observación	15
CA3.7. Intentouse a fidelización da clientela co bo resultado do traballo.	Táboa de observación	15
CA3.8. Definiuse o período de garantía e as obrigas legais aparelladas.	Proba escrita	10

UD4: Recoñecer as capacidades asociadas á iniciativa emprendedora.		
Criterios de avaliación	Tipo de instrumento	Peso 100 %

CA4.1. Caracterizouse o perfil de persoa emprendedora e describíronse os requisitos e as actitudes necesarias para o desenvolvemento da atención á clientela.	Proba escrita	25
CA4.2. Valorouse a importancia da iniciativa individual, da creatividade, da colaboración, da motivación e da formación no éxito da atención á clientela.	Outros	45
CA4.3. Recoñece os factores de risco inherentes á actividade emprendedora relacionada coa atención á clientela .	Outros	30

UD5: Atención de reclamacións e a seguridade nos servizos.		
Criterios de avaliación	Tipo de instrumento	Peso 100 %
CA5.1. Ofrecéronselle alternativas á clientela ante reclamacións doadamente corrixibles, expondo claramente os tempos e as condicións das operacións que cumpra realizar, así como o nivel de probabilidade de modificación esperable.	Táboa de observación	15
CA5.2. Recoñecéronse os aspectos principais en que incide a lexislación en relación coas reclamacións.	Proba escrita	20
CA5.3. Subministróuselle á clientela a información e a documentación necesarias para a presentación dunha reclamación escrita, de ser o caso.	Táboa de observación	10
CA5.4. Recolléronse os formularios presentados pola clientela para a realización dunha reclamación.	Táboa de observación	10
CA5.5. Cubriuse unha folla de reclamación.	Táboa de observación	25
CA5.6. Compartiuse información co equipo de traballo.	Táboa de observación	20

8. Deseño das actividades.

U.D.:1	Atención da clientela.			
Actividade:	Descrición	Obxectivos específicos	Resultados ou produtos	Recursos específicos
O proceso de comunicación.	Comunicación verbal e emisión de mensaxes orais.	A emisión de seguridade e confianza do cliente no proceso de peiteado que leve a cabo o profesional.	Clientes correctamente atendidos.	Ordenador, proxector e apuntes.
Simulacros de recepción e atención á clientela.	Recepción e atención á clientela.	Recepcionar e atender á clientela.	Que o alumnado coñeza diferentes técnicas para	Ordenador, proxector e apuntes.

			recepcionar e atender á clientela.	
Linguaxe técnico.	Comunicación con linguaxe técnico propio do sector da imaxe persoal.	Falar con linguaxe técnico.	Desenvolver información coa linguaxe técnico propio do sector da imaxe persoal.	Ordenador, proxector e apuntes.

U.D.:2	Comunicación ca clientela.			
Actividade:	Descrición	Obxectivos estecíficos	Resultados ou produtos	Recursos específicos
Diferencia entre a comunicación ca clientela e provedores.	Diferencia entre a comunicación ca clientela e provedores.	Comunicación ca clientela.	Obtención por parte do profesional de información, correctamente explicada por parte do vendedor.	Ordenador, proxector e apuntes.
Características, funcións e actitudes do vendedor.	Características, funcións e actitudes do vendedor.	Coñecer as características, funcións e actitudes do vendedor.	Coñecemento sobre as características, funcións e actitudes do vendedor.	Ordenador, proxector e apuntes.
O cliente xeral.	O cliente. Tipos.	Saber diferenciar ós clientes e como tratalos.	Coñecementos sobre a clientela e como tratala.	Ordenador, proxector e apuntes.

U.D.:3	Explicar as vantaxes de produtos e servizos			
Actividade:	Descrición	Obxectivos específicos	Resultados ou produtos	Recursos específicos
Vantaxes de produtos e servizos.	Explicacións das vantaxes de produtos e servizos.	Explicar as vantaxes de produtos e servizos.	Coñecemento sobre as vantaxes de produtos e servizos.	Ordenador, proxector e apuntes.
Técnicas de ventas.	Explicación de técnicas de ventas.	Coñecer as diferentes técnicas de ventas.	Coñecemento sobre diferentes técnicas de ventas.	Ordenador, proxector e apuntes.
Acabado do servizo e seguimento post-venta.	Exposición sobre servicios post-venta.	Coñecer os diferentes servicios post-venta.	Información sobre servicios post-venta.	Ordenador, proxector e apuntes.

U.D.:4	Recoñecer as capacidades asociadas a iniciativa emprendedora			
Actividade:	Descrición	Obxectivos específicos	Resultados ou produtos	Recursos específicos

Capacidades asociadas a iniciativa emprendedora.	Explicación sobre as capacidades asociadas a iniciativa emprendedora.	Recoñecer as capacidades asociadas a iniciativa emprendedora.	Desenvolver as capacidades asociadas a iniciativa emprendedora.	Ordenador, proxector e apuntes.

U.D.:5	Atención de reclamacións e a seguridade nos servizos			
Actividade:	Descrición	Obxectivos estecíficos	Resultados ou produtos	Recursos específicos
Xestión de reclamacións e seguridade.	Proceso de reparación e coidado pola seguridade do cliente.	Empregar técnicas na actuación ante reclamacións. Alternativas reparadoras.	Alumnos preparados para o tratamento de reclamacións e procedementos con seguridade.	Ordenador, proxector e apuntes.
Follas de reclamación.	Aprendizaxe sobre como cubrir e tratar as follas de reclamación.	Cubrir follas de reclamacións.	Documentos necesarios ou probas nunha reclamación.	Ordenador, proxector e apuntes.

9. <u>Procedemento de avaliación inicial:</u>

Os informes facilitados na Avaliación Inicial do Ciclo Formativo (segundo o establecido na Orde do 12 de xullo de 2011, DOG do 15 de xullo) facilitarán as situacións académicas e persoais do alumnado.

O equipo docente realizará unha sesión de avaliación inicial do alumnado, que terá por obxecto coñecer as características e a formación previa de cada alumno/a e de cada alumna, así como as súas capacidades.

Esta avaliación inicial ten como obxectivo orientar e situar ó alumnado en relación co perfil profesional correspondente e fixar un punto de partida, e así desenvolver un proceso de ensinanza-aprendizaxe acorde ó nivel do grupo.

Nesta sesión, o profesor ou a profesora que se encarguen da titoría darán a información dispoñible sobre as características xerais do grupo ou sobre as circunstancias especificamente académicas ou persoais, con incidencia educativa, de cantos alumnos e alumnas o compoñan.

Esta información poderá proceder, entre outras:

a) Dos informes individualizados de avaliación da etapa anteriormente cursada, de ser o caso.

b) Dos estudos académicos ou das ensinanzas de formación profesional inicial ou para o emprego previamente realizados.

c) Do alumnado matriculado sen titulación académica de acceso.

d) Dos informes ou ditames específicos do alumnado discapacitado ou con necesidades educativas especiais que poida haber no grupo.

e) Da experiencia profesional previa.

f) Da matrícula condicional do alumnado estranxeiro.
g) Da observación do alumnado e as actividades realizadas nas primeiras semanas do curso.
O tratado na sesión de avaliación inicial e os acordos que adopte o equipo docente nela, recolleranse nunha acta, da cal se entregará copia á xefatura de estudos, incluíndo especialmente aqueles que teñan que ver con aspectos de flexibilización na duración das ensinanzas.
Esta avaliación inicial en ningún caso comportará cualificación para o alumnado.
Dado que é 2º curso, non se realizará esta avaliación a non ser que as características do grupo ou dalgún membro en particular así o requira.

10. Criterios de cualificación e recuperación:

*** Procedemento e criterios de cualificación:**

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:
Ó tratarse de avaliación continua, avaliaranse os contidos impartidos en cada avaliación e dos impartidos nas anteriores. De tal xeito que:
- Se aproba a 1ª avaliación e suspende a 2ª, ten as dúas suspensas.
- Se suspende a 1ª e aproba a 2ª, ten as dúas aprobadas.

Empregaranse os seguintes instrumentos de avaliación, adecuados segundo o indicado no apartado 3.3 desta programación, con respecto ós criterios de avaliación:
- Probas escritas para os criterios nos que así se especifica.
- Probas prácticas: para os criterios onde se indica táboa de observación.
- Traballos e outros como esquemas, clasificacións, exposicións , debuxos, etc. realizados como tarefa do alumnado fóra das horas lectivas ou na clase segundo se indique.

PROBAS ESCRITAS:
As Probas Escritas versarán sobre os criterios de avaliación que así o indiquen, que poden ser de resposta curta, verdadeiro ou falso, tipo test, realización de gráficos, etc. e cada un dos bloques, que estará asociado a un C.A., pode ter unha ou máis preguntas; para poder acadar a avaliación positiva, tódolos bloques deberán superar a metade da nota establecida en cada un deles.
PROBAS PRÁCTICAS:
As actividades e/ou tarefas realizadas na aula diariamente, relacionadas cos C.A.s nas que se emprega como instrumento de avaliación a Táboa de Observación, serán de aprendizaxe, avaliables e avaliadas, de tal xeito, que a maioría das tarefas realizadas na aula, SON PROBAS PRÁCTICAS; que se cualificarán para a nota da avaliación correspondente, indicándolle ao alumnado previamente os contidos e cando e como se realizarán, segundo estime o profesor/a en cada caso. As clases prácticas realizaranse principalmente entre o alumnado da clase, e nalgúns casos con modelos externos. O alumnado actuará como modelo obrigatoriamente segundo as normas establecidas e indicadas polo profesor/a, nas prácticas de aprendizaxe e/ou avaliables que así se requira, agás causa debidamente xustificada (informe médico) e valorada polo profesor/a.
No caso das probas e/ou prácticas avaliadas coa Táboa de Observación o profesor/a indicará o procedemento a seguir en cada caso. Poderase requirir a realización por escrito do protocolo de realización previamente a súa execución, que poderá incluír: fases, secuenciación, medios materiais e cosméticos, tempos, asesoramento, etc., dos procesos, así como a súa xustificación, neste caso de xeito escrito ou oral, antes ou durante o desenvolvemento do proceso. Formará parte da cualificación correspondente da proba ou práctica avaliable.
TRABALLOS E OUTROS:

Os CAs asociados a traballos e outros, serán avaliados coa táboa de indicadores de cada un deles por separado, e poden ser fichas técnicas, bosquexos, traballos de investigación, etc.
As probas escritas, traballos de investigación, actividades e/ou tarefas e outros avaliables non realizadas ou non entregadas en data, constarán como un cero, e só se poderán entregar posteriormente se son debidamente xustificadas e valoradas estas polo profesor/a. No caso de aceptar a xustificación, indicaráselle cando e como debe realizalas. En calquera caso, deberán ser realizadas e entregadas cas especificacións que se indiquen para poder acadar avaliación positiva.
As faltas de asistencia xustificadas do alumno/a, non o eximirán da obrigación de ter actualizados os contidos impartidos ata a data.
Non se acadará o aprobado se non supera a metade da nota máxima establecida en cada unha das probas, tarefas, prácticas, apartados, etc., de ser o caso a nota máxima será 4 puntos, inda que a media supere o 5. Unha vez superados, farase unha media ponderada de cada parte (Probas escritas, Probas prácticas, Traballos e outros), segundo o peso de cada parte, e calcularase a nota seguindo o seguinte criterio:
- Porcentaxe de cada parte:
PARTE TEÓRICA: 30%
TARTE PRÁCTICA: 60%
TRABALLOS E OUTROS: 10%
A fórmula para calcular a nota será:
(NOTA PROBA ESCRITA (>5))X0.3+(NOTA PARTE PRÁCTICA(>5)) X0.6+ (NOTA TRABALLOS E OUTROS(>5))X 0.1= NOTA FINAL NÚMERO ENTEIRO (aproximando positiva ou negativamente, seguindo criterios da evolución do proceso de ensinanza-aprendizaxe de cada alumno/a individualmente).
Ó tratarse dunha avaliación continua, a nota final coincidirá coa nota da última avaliación.

*** Procedemento e criterios de recuperación:**
Establecerase un período de recuperación dende a última avaliación ata finais de xuño para aqueles alumnos/as que non acadaran todos os obxectivos mínimos, no que se reforzarán os contidos non superados.
Establecerase unha relación de actividades teóricas, traballos e protocolos prácticos para que o alumnado realice ó longo deste periodo, reforzaranse aqueles contidos propios do módulo que presenten maior dificultade para poder acadar a avaliación positiva.

Ó remate deste período, realizarase unha proba teórica e práctica, na que se avaliarán os criterios da avaliación cun valor do 30% para aqueles que se avalían como parte teórica (proba escrita, fichas teóricas, gráficos, etc.), do 60% os que se avalían na táboa de observación (tarefas prácticas, simulacións, fichas prácticas, etc.) e do 10% traballos e outros (block, ficha técnica, etc.).
As probas escritas versarán sobre os criterios de avaliación que así o indiquen, que poden ser de resposta curta, verdadeiro ou falso, tipo test, realización de gráficos, etc. e cada un dos bloques, que estará asociado a un C.A., pode ter unha ou máis preguntas; para poder acadar a avaliación positiva, tódolos bloques deberán superar a metade da nota establecida en cada un deles.
As probas prácticas poden ser unha ou varias das realizadas durante o curso relacionadas cos C.A.s do módulo. Antes ou durante as mesmas, pódeselle pedir ó alumnado que realice o protocolo que vai seguir escrito ou oral segundo conveña, así como responder ás cuestións que se lle pregunte, se é necesario aclarar algunha dúbida sobre o traballo que está a realizar.
Para desenvolver a parte práctica é imprescindible que o alumno/a traia o modelo, o material e os utensilios necesarios para realizar as tarefas propostas polo profesor/a e que son as propias do módulo.

Os traballos e outros poden ser os que se realizaron durante o curso ou os que se vexan oportunos sempre e cando se relacionen con C.A.s que así o indican no apartado 3.3 desta programación.
Para facer a media ponderada con tódolos instrumentos de avaliación, o alumno/a terá que acadar como mínimo a metade da nota máxima establecida en cada unha das probas. De non ser o caso a nota da avaliación será un 4 ou inferior.

12. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes:
Ó tratarse de 2º curso, o alumnado que non supere o módulo no periodo lectivo de setembro a marzo, nin no periodo de recuperación de marzo a xuño, deberá repetir o módulo no curso seguinte e o procedemento de avaliación será o que estableza a programación do curso académico que lle corresponda.

13. Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito á avaliación continua:
ALUMNADO CON PD: Conforme se determina no artigo 25 da Orde do 12 de xullo de 2011, e o NOFC do centro, o número de faltas que implica a perda do dereito á avaliación continua nun determinado módulo será do 10% de faltas de asistencia sen xustificar e o 20% xustificadas e sen xustificar, respecto da duración total do módulo. Para os efectos de determinación da perda do dereito á avaliación continua, o profesorado valorará as circunstancias persoais e laborais do alumno ou da alumna na xustificación desas faltas, cuxa aceptación será acorde co establecido no correspondente regulamento de réxime interno do centro.
O profesorado poderá non permitir a realización de determinadas actividades ós alumnos e ás alumnas que perdesen o dereito á avaliación continua, sempre que poidan implicar algún tipo de risco para si mesmos, o resto do grupo ou as instalacións.
Para o alumnado que perdera o dereito á avaliación continua, realizaráselle unha proba escrita relacionados cos criterios de avaliación expostos na programación, cunha duración máxima total de 2 horas.
As probas escritas versarán sobre os criterios de avaliación do currículo, que poden ser de resposta curta, verdadeiro ou falso, tipo test, realización de gráficos, etc. e cada un dos bloques, que estará asociado a un C.A., pode ter unha ou máis preguntas; para poder acadar a avaliación positiva na proba escrita, tódolos bloques deberán superar a metade da nota establecida en cada un deles.
As datas das probas serán publicadas polo equipo directivo nos taboleiros correspondentes así como na web do centro.

14. Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados:
Para o caso do alumnado que teña necesidades educativas especiais e tal como indica o Artigo 61 do Decreto 114, do 1 de Xullo, respectarase o establecido na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de Maio, polo que cada caso será analizado particularmente, establecendo as flexibilizacións e apoios oportunos para garantir que se compren os mínimos fixados no apartado 5 (mínimos exixibles) para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación. Esta situación verase reflectida na ficha do alumno/a e as flexibilizacións e apoios fixados terán que contar coa autorización e visto bo da Inspección de Educación.
Dentro do grupo pode haber alumnos/as que non acadan os obxectivos das actividades ou, pola contra, que acadan sobradamente os obxectivos previstos.

En ambos casos prantexaranse alternativas.
- Ofrecer para cada actividade tres posibilidades:
1. Unha actividade común para todo ó alumnado co fin de asimilalos contidos mínimos.
2. Unha máis complexa para o alumnado que acade os obxectivos previstos onde se afonde nos coñecementos adquiridos.
3. Unha máis sinxela, cunha metodoloxía distinta e máis secuenciada, para que aquel alumnado que non acadara os mínimos, sexa capaz de chegar por outro camiño ós fins propostos.
- Seguimento máis preto por parte do profesor ou profesora do alumnado con dificultades para acadar os obxectivos.
No caso de detectar alumnos/as con necesidades especiais, discapacidades físicas, psíquicas, sensoriais, ou alumnos con dificultades de idioma, ou calquera nas que estea indicado unha flexibilización modular, o equipo de orientación, o titor/a xunto co equipo docente, elaborarán a correspondente flexibilización, seguindo as pautas establecidas pola normativa vixente.
Para o alumnado que non supere o módulo, ademais das medidas anteriormente expostas, realizaranse probas orais ou/e escritas xunto coa realización dalgunha das actividades das unidades de traballo nas que non se acadaran os obxectivos previstos.
En todo caso, traballarase conxuntamente co Departamento de Orientación para o reforzo educativo.

15. Programación da educación en valores:

Aproveitando as características da módulo e do alumnado potenciaremos a Educación Medioambiental (reciclaxe, aforro de auga, luz,...) e a Educación para a Igualdade de sexos e non discriminación da muller (Artigos. 9 e 10 da lei 7/2004 de igualdade de mulleres e homes).
Ademais traballaranse diversos temas transversais que se tratarán ó longo do curso como:
- Importancia da vida saudable para o benestar corporal: alimentación equilibrada, exercicio físico, hixiene corporal.
- O medio ambiente e a preservación dos recurso naturais: importancia da reciclaxe e eliminación dos materiais susceptibles de ser contaminantes, sen contribuír ó seu deterioro.
- A prevención do cancro de pel.
- Colaboración entre profesionais: intrusismo profesional.
- Prevención de riscos laborais e enfermidades profesionais.
- Educación para a convivencia, o respecto á autonomía dos demais, fomentar a asertividade no ámbito escolar e profesional.
- Educación para a paz.
- Educación do consumidor (desenvolver un coñecemento dos mecanismos do mercado, crear unha conciencia de consumo responsable que se sitúa criticamente ante o consumismo e a publicidade).
- Educación para a igualdade (analizar con criterio a realidade e corrixir prexuízos sexistas e as súas manifestacións na linguaxe, publicidade, profesións etc), para consolidar hábitos non discriminatorios.
- Educación multicultural: a educación multicultural -ou intercultural- ven exixida pola crecente intercomunicación das culturas.

16. Actividades complementarias e extraescolares:

Realizaranse ACFs relacionadas co módulo e tamén coa mellora da habilidades persoais e sociais.
Promoverase e facilitarase a participación activa do alumnado en todas aquelas actividades propostas dende o Departamento ou o Centro que teñan que ver

co currículo do Ciclo, especialmente naquelas que traten aspectos directamente relacionados co módulo.
Agás casos excepcionais, desenvolvidos no propio Centro no horario lectivo do módulo e que poidan substituír ás explicacións do profesor nalgunha Unidade Didáctica, estas actividades non serán avaliables. De selo, informarase ó alumnado previamente coa finalidade de que tomen as anotacións oportunas.
Actividades como:
- Cursos no IES con empresas do sector.
- Asistencia a Congresos, Atteliers, Demostracións, tanto nas casas comerciais como no propio I.E.S.
- Colaboracións en desfiles, actuacións, e outras actividades que se realicen no centro.
- Seguimento das novas publicacións, libros, revistas, vídeos, DVDs, etc.
- Visitas a exposicións, feiras, congresos de tipo profesional e cultural.
- Realizar cursos de actualización profesional por parte dalgunha firma comercial ou outros profesionais.
- Visitas a fábricas de cosméticos, balnearios, exposicións etc.
- Participación en diferentes actividades relacionadas coa profesión.

Os obxectivos destas actividades están encamiñadas a:
- Mellorar e favorecer o desenvolvemento persoal e profesional do alumnado.
- Coñecer protocolos de actuación doutros profesionais.
- Facilitar a ampliación doutros horizontes, criterios e posibilidades laborais, así coma coñecer e valorar as súas propias posibilidades.

17. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente:

Á hora de facer un correcto seguimento da programación e poder avaliar a propia práctica docente compre sinalar que o desenvolvemento da mesma vai ter unha marcada interdependencia alumno/a-profesor/a para acadar un bo proceso de ensinanza-aprendizaxe.
Por iso é preciso que vaia anotando o desenvolvemento das actividades que se están a realizar (por exemplo nos tempos inicialmente asignados, para acadar un mellor cumprimento das esixencias previstas). O resultado desta análise servirá para adoptar correccións futuras.
O obxectivo é corrixir as desviacións que se ocasionen na Programación Didáctica e producir adaptacións nestas cando xorden situacións non previstas durante o curso.
O seguimento realizarase na plataforma correspondente (Seguimentos), e de ser o caso de modificacións, notificarase nas reunións de Departamento. As modificacións, quedarán reflectidas na aplicación web (seguimento), e á súa vez incluiranse na Acta de Departamento correspondente, asinada polos profesores ós que lles afecte máis o xefe do Departamento. En caso de cambios informarase ó alumnado.

18. Outros apartados:

1. DEREITO Á REALIZACIÓN DAS PRÁCTICAS NA AULA

Por mor do emprego na realización das prácticas na aula de materiais/produtos que poden supor un serio risco para as persoas e/ou as cousas no caso de ser empregados de xeito incorrecto e sen tomar as debidas precaucións ou carecer dos coñecementos apropiados, compre sinalar que se poderá prohibir a realización de determinadas prácticas a aqueles alumnos/as que:

- Incumpran algún dos criterios sinalados no apartado Programación da educación en valores.
- Causen danos de xeito intencionado.
- Non respecten as indicacións do profesor/a na realización dalgunha práctica.
- Se valore, de xeito obxectivo, que carece dos coñecementos ou destreza necesarios para a execución da práctica.
- Que supoña un risco para o modelo ou para sí mesmo.

2. SECUENCIA DAS UNIDADES DIDÁCTICAS

Debido a complexidade na divisións das UD do módulo poderá ser preciso modificar a secuencia establecida adiantando parte dos contidos. Teremos tamén en conta que a maioría das UD necesitan dos coñecementos, prácticas, actitudes das anteriores e ás veces das posteriores. Haberá polo tanto unha marxe de flexibilidade, non influíndo isto na duración das mesmas.

3. SEGUIMENTO DAS PROGRAMACIÓNS

Dado que hai C.A.s que se imparten en UDs iniciais, pero se repiten en todas, serán valorados e avaliados durante todo o curso; por exemplo os CAs relacionados coa seguridade e hixiene profesional que deberá seguila, recoñecela e aplicala en tódolos procesos realizados, polo que nos seguimentos, estas UDs estarán abertas ata que se remate o curso.

4. DESCRICIÓN DOS INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN PROBA ESCRITA

Proba Escrita: terá, o formato de exame escrito con preguntas de resposta curta, tipo test, gráficos, etc. Para cada proba haberá tantos bloques como CAs asociados a Proba Escrita e indicarase na mesma a puntuación de cada unha das preguntas e en cada un dos bloques. O conxunto da proba terá unha valoración de 1 a 10. Poderá agrupar varias Unidades Didácticas e, neste caso, aplicarase a nota obtida a todas elas. Para obter a avaliación positiva, tódolos bloques deben acadar a metade da nota establecida en cada un deles, de non se o caso, a nota máxima para a proba será dun 4.

5. DESCRICIÓN DOS INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN TÁBOA DE OBSERVACIÓN

Táboa de observación: serán aplicadas por observación directa do traballo do/a alumno/a empregando unha Escala de Valoración. Cada unha delas será avaliada segundo o criterio: nunca (0), case nunca (2,5), ás veces (5), case sempre (7,5) e sempre(10).

6. DESCRICIÓN DOS INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN TRABALLOS E OUTROS

Traballos e outros: serán avaliados de xeito global e terá nota numérica. Nalgúns casos seguirá unha rúbrica ou táboa de cotexo que así se indicará.

7. PESO DAS U.D.s NA AVALIACIÓN.

Con carácter xeral e salvo excepción, reflectida de ser o caso, no seguimento da programación, no momento en que se acade a posibilidade de obter unha valoración positiva na UD aplicarase a seguinte porcentaxe:

NOTA UD = 30% (Parte teórica) + 60% (Parte práctica)+ 10% (traballos e Outros)

No caso de non ser un número enteiro, a nota incrementarase en función das valoracións obtidas nas TO asociados á UD, en cada alumno/a individualmente, en función da evolución no proceso ensinaza-aprendizaxe durante o curso.

8. FALTAS DE ASISTENCIA
As faltas de asistencia xustificadas do alumnado, non o eximirán da obrigación de ter actualizados os contidos impartidos ata a data, e as fichas que se realizan a diario nas clases.

9. AVALIACIÓN POSITIVA
Para poder obter unha valoración positiva, tódolos instrumentos de avaliación deberán ter unha nota igual ou superior á metade da nota máxima establecida. A non presentación a algunha das probas, supón un 0, e computará coma tal.

10. MODELO/PROFESIONAL
Todo o alumnado formará parte dos modelos sobre os que se traballarán as prácticas na aula, agás os que teñan algunha patoloxía que o impida (xustificarase presentando un informe do médico especialista que contraindique ditas técnicas); en ningún caso poderán entorpecer o desenvolvemento normal das actividades propostas polo profesor, nin crear coa súa actitude un clima de hostilidade entre as compañeiras. Se houbera alumnado que se atopara nesta situación, deberán realizar as tarefas que lles sexan encomendadas polo profesor, e desenvolverá actividades que non teñen por que ser iguais ás do resto de compañeiros/as, todo elo sen molestar ó resto do grupo.